

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licencia de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calesquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licencia de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.
2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:
 - a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
 - b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, anque continúe o mesmo titular.
 - c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, esté ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:
 - a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial: fabril, artesán, da construción, comercial ou de servicios, que esté suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.
 - b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, almacéns, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Base imponible

Constitúe a base imponible da Taxa:

1. A cota municipal para a correspondente actividade do Imposto sobre Actividades Económicas.
2. Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fose posible determina-la base imponible, considerarase como tal a renda anual que corresponda ó establecemento, observando as seguintes regras:
 - a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulta de aplica-lo tipo de interese legal do Banco de España ó valor catastral que o dito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens Inmóbles.
 - b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arrendo, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato apareceran pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarase como base a maior, anque corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar a regra a) anterior, tomarase como base imponible esta última.
 - c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecementos suxeitos á Taxa, a base deste último será a que lle corresponda proporcionalmente á súa superficie no importe total da renda anual que, conforme ás regras

precedentes, se impute ó dito local.

- d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie na que se ampliou o local, calculada segundo o previsto nas regras anteriores.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota desta taxa será a resultante de multiplicar por 4,5 a cota municipal para a correspondente actividade do Imposto sobre Actividades Económicas ou, no seu caso, a renda anual do establecemento nos termos sinalados no artigo anterior.
2. Os establecementos destinados a algunha das actividades clasificadas segundo o decreto 30-XI-61 sobre actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, sufrirán un recargo do 50 por cento sobre a cota definida no parágrafo anterior.
3. As ampliacións de establecementos para a mesma actividade tributarán por esta taxa cunha cota equivalente ó 50 por cento da que lle correspondería á primeira instalación, sempre que o importe resultante sexa superior ás cotas mínimas establecidas no parágrafo seguinte.
4. Se a actividade non figura nas tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, está exenta do mesmo ou tributa por cota cero, a taxa liquidarase con arranxo ás seguintes cotas, que teñen o carácter de mínimas para tódolos supostos de apertura:

-Establecementos destinados a actividades clasificadas segundo o Decreto do 30-XI-61:.....	185,71 €
- Resto de establecementos:.....	111,44 €

Artigo 7. Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa.

Artigo 8. Obriga de contribuír

1. Tense dereito a percibi-la taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenzia de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando a apertura teña lugar sen obte-la oportuna licenzia, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente sancionador por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en ningún caso, pola denegación da licenzia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestímulo do solicitante unha vez concedida a licenzia.

Artigo 9. Declaración

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenzia de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades para desenvolver no local acompañada da alta no Imposto sobre Actividades Económicas da actividade correspondente ou do contrato de aluguer ou título de adquisición do local, indicando neste último caso, se o local non tivera fixado valor catastral, o prezo de adquisición ou o custo de construción do mesmo, no seu caso.
2. Se despois de formulada a solicitude de licenzia de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas polo establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións poñeranse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

Artigo 10. Liquidación e ingreso

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a Resolución municipal que proceda sobre a licenzia de apertura, practícase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.
2. Sen embargo, o Concello poderá liquidar e esixir-lo importe da Taxa no momento de presenta-la solicitude, en calidade de depósito previo.
3. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuário ou concesionario do establecemento, e o local non teña sinalado valor catastral, practícase unha liquidación provisional tomando como base imponible o valor de adquisición ou, no seu caso, o custo de construción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral practícase a liquidación definitiva que proceda, deducíndose desta cota a liquidación provisional e ingresándose a diferenza nas Arcas municipais ou devolvéndose de oficio, se así procedera, ó interesado o exceso ingresado por consecuencia da liquidación provisional.

Artigo 11. Infraccións e sancións

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.



DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1-1-1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Aprobación: Pleno 19.10.1989.

Publicación B.O.P.: 27.12.1989

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 07.05.1992	11.07.1992
2ª	Pleno 07.05.1992	25.03.1994
3ª	Pleno 09.10.1998	30.12.1998
4ª	Pleno 10.11.2000	13.02.2001
5ª	Pleno 13.12.2002	12.03.2003
6ª	Pleno 10.11.2003	26.12.2003
7ª	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
8ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
9ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
10ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
11ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008